

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

BUEU

Outros documentos, notificacións e informacións públicas

BASES E CONVOCATORIA DO CONCURSO DE CARTEIS DO “DÍA DA TERRA”

APROBACIÓN DAS BASES E CONVOCATORIA DO CONCURSO DE CARTEIS DO “DÍA DA TERRA”

Antecedentes:

A celebración do “Día da Terra” institucionalizada na data de 22 de abril ten como obxectivo sensibilizar sobre o coidado e preservación do medio ambiente, e debe servir para reflexionar sobre a achega individual que cada persoa fai á preservación do medio ambiente.

A Concellería de Medio Ambiente Urbano e Servizos presentou unha proposta con data 27 de marzo de 2018 (Cód. Validación 3WEG2ZX3WEWXNJCQPZE7Z4ZYF) para realizar unha primeira convocatoria do CONCURSO DE CARTEIS DO DÍA DA TERRA 2018, entre o alumnado de ESO, bacharelato ou formación profesional matriculado nos centros educativos do termo municipal de Bueu no curso 2017/2018, dentro do programa de actividades polo Día da Terra 2018, xunto coas bases da convocatoria na que se establece un premio único de 100 € para a persoa gañadora.

Consta no expediente RC de Intervención (núm.2018001396) con data 5 de abril de 2018, onde se inclúe o importe por cantidade de 100 euros.

Normativa:

- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.
- Lei 5/1997 de administración local de Galicia.

Vistos os antecedentes e as consideracións xurídicas e técnicas expostas, esta alcaldía, de acordo coas facultades sinaladas no artigo 21, da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, o artigo 61 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, Reguladora da Administración Local de Galicia e resto da normativa concordante,



Venres, 13 de abril de 2018

Núm. 72

Resolve:

1.- Aprobar as bases reguladoras do CONCURSO DE CARTEIS DO DÍA DA TERRA 2018 reproducidas embaixo (nos idiomas galego e castelán), así como a súa convocatoria.

2.- Publicar as bases no Taboleiro de anuncios da Sede Electrónica do Concello de Bueu, no BOPPO a efectos da publicación da convocatoria na Base de Datos do Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións, e na páxina web do Concello de Bueu.

**BASES E CONVOCATORIA DO CONCURSO DE CARTEIS
DO “DÍA DA ÁRBORE” (GALEGO)****PRIMEIRA. Obxecto da convocatoria**

Regulación dos premios do concurso de carteis do Día da Terra 2018.

SEGUNDA. Crédito orzamentario

Destínase un crédito máximo de 100 € que se imputarán á aplicación Nº 170.22799 do orzamento de gastos do ano 2018, para o premio á persoa gañadora do concurso de carteis do “Día da Terra 2018”.

Premios

Premio único de 100€. (aplicarase sobre a base do premio a correspondente retención do IRPF)

TERCEIRA. Beneficiarios/as.

Serán susceptibles de obter o premio regulado nestas bases as persoas matriculadas en Educación Secundaria Obrigatoria (ESO), Bacharelato ou Formación Profesional durante o curso 2017/2018 nos centros educativos do termo municipal de Bueu.

CUARTA. Temática, técnicas e dimensións

Pódese utilizar a técnica que se considere máis axeitada para a súa realización sempre e cando sexa apta para a súa reprodución.

O cartel deberá:

- Incluir o lema “DÍA DA TERRA” e o nome de “Concello de Bueu”.
- No caso de engadirlle máis texto ao lema, este deberá ser en galego.
- Ter unha temática relacionada co “Día da Terra”
- Incluir no deseño do cartel o logo do Concello de Bueu.
- As obras non poden levar nome nin sinatura e deben estar identificadas mediante un lema que figurará no dorso do cartel, que será realizado nun folio tamaño A4.



Venres, 13 de abril de 2018

Núm. 72

QUINTA. Presentación

Establécense dúas modalidades para a presentación dos traballos:

- **Individual:** o alumno/a entrega o seu deseño no Rexistro Xeral do Concello de Bueu nun sobre pechado. No sobre figurará o mesmo lema identificativo. No interior consignaranse nome e apelidos, enderezo, teléfono de contacto, correo electrónico e centro no que está matriculado. No caso de ser menores de idade deberán ser autorizados para poder participar no concurso. Todos estes datos terán que ir acompañados dunha fotocopia do DNI.
- **Colectiva:** o Centro Educativo entrega no Rexistro Xeral do Concello de Bueu unha listaxe co total dos participantes do centro. No sobre figurará o nome do Centro Educativo. No interior consignaranse un listado co nome, apelidos e lema de cada alumno do centro. No caso de ser menores de idade deberán ser autorizados para poder participar no concurso.

Os alumnos que deseñen o cartel en formato dixital deberán entregalo nun USB, CD... máis unha copia a papel.

Os alumnos que elaboren os carteis en formato papel só deberán entregalo nese formato.

Os traballos poderán entregarse do seguinte xeito:

1. De forma presencial. Os carteis serán entregados no Rexistro Xeral do Concello de Bueu.
2. De forma dixital. Os carteis serán entregados a través da SEDE ELECTRÓNICA do Concello de Bueu (<https://bueu.sedelectronica.gal/info.0>).

SEXTA. Prazo de presentación

O prazo de presentación será de 15 días hábiles a contar dende o extracto de publicación das bases no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO).

SÉTIMA. Xurado e resolución

O xurado estará composto por un número impar, entre eles terá que haber persoas vencelladas ao mundo do deseño gráfico e da arte e un/unha representante política.

Premiará o traballo orixinal e inédito e terá en conta de forma prioritaria os seguintes criterios:

- Facilitade de identificación da proposta
- Deseño innovador e creativo
- Calidade técnica, artística e impacto visual
- Adaptabilidade a calquera soporte de difusión



Venres, 13 de abril de 2018

Núm. 72

O xurado resérvase o dereito de declarar deserto o concurso, así como tamén de resolver calquera imprevisto.

O fallo do xurado será publicado na web municipal e no taboleiro de anuncios do Concello de Bueu.

A participación no concurso comporta o recoñecemento e aceptación do veredicto do xurado e o seu carácter inapelábel, así como os contidos das bases reguladoras do concurso.

OITAVA: Entrega de premios

O fallo do concurso farase público a finais do mes de abril de 2018 e o premio entregarase nun acto cuxo lugar e data se comunicará oportunamente.

BASES Y CONVOCATORIA DEL CONCURSO DE CARTELES DEL “DÍA DE LA TIERRA”

PRIMERA. Objeto de la convocatoria

Regulación de los premios del concurso de carteles del Día de la Tierra 2018.

SEGUNDA. Crédito presupuestario

Se destina un crédito máximo de 100 € que se imputarán a la aplicación N^o 170.22799 del presupuesto de gastos del año 2018, para el premio a la persona ganadora del concurso de carteles del “Día de la Tierra 2018”.

Premios

Premio único de 100€. (se aplicará sobre la base del premio la correspondiente retención del IRPF)

TERCERA. Beneficiarios/las

Serán susceptibles de obtener el premio regulado en estas bases las personas matriculadas en Educación Secundaria Obligatoria (ESO), Bachillerato o Formación Profesional durante el curso 2017/2018 en los centros educativos del término municipal de Bueu.

CUARTA. Temática, técnicas y dimensiones

Se puede utilizar la técnica que se considere más idónea para su realización siempre y cuando sea apta para su reproducción. El cartel deberá:



Venres, 13 de abril de 2018

Núm. 72

- Incluir el lema “DÍA DE LA TIERRA” y el nombre de “Ayuntamiento de Bueu”. En el caso de añadirle más texto al lema, este deberá ser en gallego.
- Tener una temática relacionada con el “Día de la Tierra”
- Incluir en el diseño del cartel el logo del Ayuntamiento de Bueu.
- Las obras no pueden llevar nombre ni firma y deben estar identificadas mediante un lema que figurará en el dorso del cartel, que será realizado en un folio tamaño A4.

QUINTA. Presentación

Se establecen dos modalidades para la presentación de los trabajos:

- **Individual:** el alumno/a entrega su diseño en el Registro General del Ayuntamiento de Bueu en un sobre cerrado. En el sobre figurará el mismo lema identificativo. En el interior se consignarán nombre y apellidos, dirección, teléfono de contacto, correo electrónico y centro en el que está matriculado. En el caso de ser menores de edad deberán ser autorizados para poder participar en el concurso. Todos estos datos tendrán que ir acompañados de una fotocopia del DNI.
- **Colectiva:** el Centro Educativo entrega en el Registro General del Ayuntamiento de Bueu un listado con el total de los participantes del centro. En el sobre figurará el nombre del Centro Educativo. En el interior se consignarán un listado con el nombre, apellidos y lema de cada alumno del centro. En el caso de ser menores de edad deberán ser autorizados para poder participar en el concurso.

Los alumnos que diseñen el cartel en formato digital deberán entregarlo en un USB, CD... más una copia a papel.

Los alumnos que elaboren los carteles en formato papel sólo deberán entregarlo en ese formato.

Los trabajos podrán entregarse de la siguiente manera:

1. De forma presencial. Los carteles serán entregados en el Registro General del Ayuntamiento de Bueu.
2. De forma digital. Los carteles serán entregados a través de la SEDE ELECTRÓNICA del Ayuntamiento de Bueu (<https://bueu.sedelectronica.gal/info.0>).

SEXTA. Plazo de presentación

El plazo de presentación será de 15 días hábiles a contar desde el extracto de publicación de las bases en el Boletín Oficial de la Provincia de Pontevedra (BOPPO).

SÉPTIMA. Jurado y resolución

El jurado estará compuesto por un número impar, entre ellos tendrá que haber personas vinculadas al mundo del diseño gráfico y del arte y un/una representante política.



Venres, 13 de abril de 2018

Núm. 72

Premiará el trabajo original e inédito y tendrá en cuenta de forma prioritaria los siguientes criterios:

- Facilidad de identificación de la propuesta
- Diseño innovador y creativo
- Calidad técnica, artística e impacto visual
- Adaptabilidad a cualquier soporte de difusión

El jurado se reserva el derecho de declarar desierto el concurso, así como también de resolver cualquier imprevisto.

El fallo del jurado será publicado en la web municipal y en el tablero de anuncios del Ayuntamiento de Bueu.

La participación en el concurso comporta el reconocimiento y aceptación del veredicto del jurado y su carácter inapelable, así como los contenidos de las bases reguladoras del concurso.

OCTAVA: Entrega de premios

El fallo del concurso se hará público a finales del mes de abril de 2018 y el premio se entregará en un acto cuyo lugar y fecha se comunicará oportunamente.

Documento asinado electronicamente ao marxe.

